



PROXECTO

EDUCATIVO

DE CENTRO



CEIP Plurilingüe A Pedra

Buen

Curso 2017/2018

ÍNDICE

0.- Introducción	pág. 3
1.- O Centro	
1.1.- Identificación do centro	pág. 3
1.2.- Contextualización	pág. 4
1.3.- Espazos	pág. 6
1.4.- Horario e oferta educativa	pág. 6
1.5.- O alumnado	pág. 7
1.6.- O profesorado	pág. 8
1.7.- O persoal non docente	pág. 8
1.8.- As familias	pág. 9
1.9.- Colaboración con outras institucións	pág. 9
1.10.- Servizos Complementarios	pág. 10
2.- Sinais de identidade	pág. 10
3.- Obxectivos do centro	pág. 12
4.- Programas e Plans do centro	pág. 15
5.- Estrutura organizativa	
5.1.- Órganos de goberno	pág. 18
5.1.1.- Órganos unipersonais	pág. 18
5.1.2.- Órganos colexiados	pág. 18
5.2.- Outros órganos de coordinación docente	
5.2.1.- A Comisión de Convivencia	pág. 20
5.2.2.- Comisión de Coordinación Pedagóxica	pág. 21
5.2.3.- Departamento de Orientación	pág.22
5.2.4.- Equipo de ciclo Educación Infantil	pág.24
5.2.5.- Equipos de nivel	pág. 25
5.2.6.- Equipo de Dinamización Lingüística	pág. 25
5.2.7.- Equipo de Biblioteca escolar	pág. 27
5.2.8.- Equipo actividades Complementarias e extraescolares	pág. 28
5.2.9.- Equipo Programa Plurilingüe	pág. 30
5.2.10.- As titorías	pág. 31
5.2.11.- O profesorado especialista	pág. 33
5.2.12.- Apoios especializados	pág. 33

0.- INTRODUCCIÓN

No título IV do Regulamento orgánico das escolas de Educación Infantil e Primaria (Decreto 374/1996, do 17 de outubro,) establécese a necesidade de que os centros definan o seu modelo de xestión organizativa e pedagóxica que se concretará no Proxecto Educativo de Centro.

O decreto 105/2014 do 4 de setembro polo que se establece o currículo de educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, no título I destaca que o Proxecto Educativo de centro debe recoller os valores, obxectivos e prioridades de actuación e incorporar a concreción dos currículos establecidos pola consellería con competencias en materia de educación que serán aprobados polo Claustro, así como o tratamento transversal nas áreas da educación en valores e outras ensinanzas.

O PEC é un documento que define a personalidade, marca os principios de identidade do centro e recolle as decisións asumidas pola Comunidade Educativa con respecto a aspectos educativos básicos e principios xerais para a organización e xestión do centro escolar.

O PEC é revisado e actualizado polo equipo directivo, unha vez analizadas as necesidades educativas específicas do alumnado e as características do contorno escolar e do centro. Este documento inclúe:

- ✓ A organización xeral do centro.
- ✓ Os fins e intencións educativas de acordo coa identidade da escola.
- ✓ Os obxectivos encamiñados a acadar a normalización lingüística.
- ✓ A oferta do centro, educativa e de actividades e servizos.
- ✓ As relacións cos distintos sectores da Comunidade Educativa.

O Consello Escolar avalía o PEC e a Inspección Educativa supervisa á súa adecuación á lexislación vixente.

1.- O CENTRO

1.1.- Identificación do centro:

Nome do centro:: CEIP PLURILINGÜE A PEDRA

Domicilio: Rúa A Pedra, 26

Concello: Bueu

Provincia: Pontevedra

Código do centro: 36000341

Teléfono: 986 32 00 50 (Primaria) 986 32 29 01 (Infantil)

Zona Educativa : 36 00 77


Adscrito ao IES Johan Carballeira

Correo electrónico: ceip.apedra@edu.xunta.es

Paxina web:: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipapedra/>

1.2.- Contextualización

O CEIP Plurilingüe A Pedra atópase no concello de Bueu, constituído como tal no ano 1821 e que adquire o título de “Vila de Bueu” no 1856. É un municipio costeiro de máis de 12.000 habitantes, cunha extensión de 31 quilómetros cadrados, dos cales, aproximadamente 10 teñen carácter insular (Ons e Onza). A superficie continental está distribuída en 5 parroquias: Beluso, Bueu, Cela, Ermelo e Illa de Ons. Esta última é a única illa do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia que está habitada na actualidade..



Bueu está situado na beira norte da Península do Morrazo (coordenadas: 42° 19'29.56" N, 8°47'9.34" W) limitando ao sur coa vila de Cangas, ao leste coas de Marín e Moaña, ao oeste coa ría de Aldán e ao norte da localidade está a ría de Pontevedra. Bueu dista de Pontevedra uns 19 quilómetros e de Vigo uns 35 quilómetros.

O CEIP Plurilingüe A PEDRA pertence a un núcleo semirural de ámbito marítimo-pesqueiro. Nel conflúen nenos e nenas procedentes do casco urbano e tamén dos distintos lugares, de carácter rural, que o rodean.

Facendo unha pequena análise do **contexto socioeconómico**, debemos destacar que as actividades económicas máis desenvolvidas céntranse no sector primario sendo un municipio eminentemente pesqueiro. A pesca

artesanal, o marisqueo a flote e os cultivos mariños de batea integran as principais actividades relacionadas con este campo.

Por outra banda subliñar unha discreta actividade agrícola (principalmente de autoconsumo) e industrial. Nas distintas parroquias e no Parque Empresarial de Castiñeiras atopamos empresas relacionadas co sector do automóbil, da madeira, de construcións...

Por último destacar dentro do sector servizos, a actividade turística que na estación estival practicamente duplica a poboación da vila.

O nivel socioeconómico das familias do noso alumnado é en xeral medio-baixo e está marcado por longas ausencias dos pais no mar, que marcan a educación familiar dos rapaces/as.

No que se refire ao **nivel sociocultural**, na vila de Bueu atopamos catro centros de Educación Primaria e dous de Educación Secundaria:

CENTRO	NIVEL EDUCATIVO	LUGAR
CEIP Plurilingüe A Pedra	Infantil e Primaria	Bueu
CEIP Montemogos	Infantil e Primaria	Beluso
CEIP Torre-Cela	Infantil e Primaria	Cela
CPR Virxe Milagrosa (Concertado)	Infantil, Primaria, ESO	Bueu
IES Illa de Ons	ESO	Bueu
IES Johan Carballeira	ESO, BACH, CICLOS	Bueu

Bueu conta con varios centros culturais e de ocio distribuídos polas distintas parroquias, unha biblioteca pública en Bueu e outra en Beluso. O Arquivo histórico do Concello en Cela, o Centro Social do Mar de Bueu que acolle todo tipo de eventos e actos culturais. Destacar o Museo Massó da Xunta de Galicia que ten a súa sede no edificio máis antigo de fábrica de conservas Massó con exposicións permanentes, salas dedicadas ao mar e unha ampla oferta de obradoiros para o alumnado.

No **contexto sociolingüístico** a maioría do alumnado utiliza o castelán como lingua de aprendizaxe natural. O centro emprega o galego en toda a documentación escrita, comunicacións, cartelería, murais... tanto o profesorado

como o alumnado e a ANPA. Como lingua vehicular no centro, emprégase o galego e o castelán dependendo das circunstancias do interlocutor.

1.3.- Espazos

O noso colexio está dividido en dous espazos físicos diferenciados e separados entre sí por uns 400 metros e unha estrada de por medio:

- **Educación Primaria**, edificio situado na rúa A Pedra nº 26 e que consta de dúas plantas. Foi construído no ano 1971-72 pero sufriu unha remodelación posterior no ano 2009. Está dividido en dous pavillóns con dous andares cada un, o superior para primeiro, segundo, quinto e sexto de primaria, aulas-titoría, aula de PT e AL, despachos de orientación e dirección. Na andar inferior atopamos as aulas de terceiro e cuarto, a aula de ciencias, a sala de mestres/as, a biblioteca, a aula de mediación, a aula de música, unha aula de usos múltiples, o comedor, a conserxería e a secretaría
- **Educación Infantil**, edificio ubicado na rúa Ramón Bares no lugar de O Valado. É un inmovible de fábrica de ladrillo pintado que se desenvolve en planta baixa e planta primeira, sen desniveis o que facilita a accesibilidade. A súa construción é posterior ao edificio de Primaria. Conta con seis aulas distribuídas en dous pisos, dúas no primeiro andar e catro no segundo, unha biblioteca, unha aula de psicomotricidade, unha sala de profesores/as e baños tanto para os alumnos/as como para os profesores/as en ámbolos dous pisos.

1.4.- Horario e oferta educativa

O Calendario escolar para cada curso ven fixado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e queda reflectido na programación xeral do centro. As modificacións que se pretendan introducir deben ser autorizadas pola inspección educativa tras ser aprobadas polo Consello Escolar logo do informe favorable do Claustro.

A actividade lectiva do centro abrangue de luns a venres en horario de 09:10h a 14:10h. Os martes de 16:00h a 19:00h o profesorado realiza tarefas de acción tutorial coas familias e celebra reunións de traballo cos distintos equipos do centro.

As gardas de tarde están establecidas por quendas diarias de dous mestres/as de 16:00h a 18:00h todos os días da semana agás os martes. O Profesorado de garda permanece na biblioteca do edificio de primaria que está aberta aos usuarios nese mesmo horario, facendo labores organizativas de traballo persoal e atendendo ao alumnado que se atope na biblioteca nese momento.

O CEIP Plurilingüe A Pedra conta coa seguinte oferta educativa.

ETAPA EDUCATIVA	NIVEL	Nº AULAS
Educación Infantil	4º	2
	5º	2
	6º	2
Educación Primaria	1º	2
	2º	2
	3º	2
	4º	2
	5º	2
	6º	2

Para realizar os agrupamentos do alumnado séguese fundamentalmente o criterio de orde alfabética de apelidos e nome, tendo en conta a distribución equilibrada e homoxénea do alumnado dentro do grupo e un reparto proporcional no caso de novas matrículas ou alumnado que repita curso. Manteranse na mesma aula aos irmáns xemelgos sempre que repercuta de maneira positiva no seu desenvolvemento persoal e/ou social e non existan razóns de carácter pedagóxico que indiquen o contrario. Os agrupamentos poderán ser susceptibles de cambio, sempre que o equipo docente así o considere por motivos pedagóxicos ou por petición xustificada das familias.

1.5.- O Alumnado

O noso centro ten catalogadas 6 unidades de infantil e 12 de primaria e todas están en funcionamento. A estimación total ronda os 400 alumnos/as, cifra superada en ocasións, distribuídos en 130 nenos/as en educación infantil e 270 en educación primaria aproximadamente, Están repartidos en 18 grupos duns 22 a 25 rapaces/as por aula.

A lingua dominante na zona é o galego, aínda que se observa un descenso no número de nenos/as que se incorporan á escola falando este idioma.

A terceira parte do alumnado desprázase ao centro empregando o transporte escolar debido ao tipo de poboamento tan disperso da zona. Un elevado número de nenos/as fan uso do comedor escolar, sobre todo alumnado de infantil e do Plan Madruga.

A meirande parte dos alumnos/as do noso centro continúan o ensino obrigatorio no centro adscrito IES Johan Carballeira de Bueu.

1.6.- O Profesorado

O Claustro de mestres/as está formado por 31 docentes, dos cales a maioría teñen praza definitiva no centro. Dende o curso 2016/17 contamos ademais cunha mestra de relixión evanxélica un día á semana que non pertence ao Claustro.

No centro de infantil hai 6 mestras-titoras, dous mestres de apoio e 1 especialista de AL compartida cos outros centros de Bueu que acude ao noso colexio 3 días por semana.

No centro de Primaria temos 11 mestres-titores; unha mestra especialista en francés; dúas mestras de inglés definitivas e outra compartida que acude 3/2 días á semana e imparte tamén en infantil; 2 mestras de Educación Física; unha especialista de música que imparte en inglés a súa materia polo Programa Plurilingüe; un mestre de Relixión Católica e dende setembro de 2016, unha mestra de Relixión Evanxélica compartida co CEIP A Laxe de Marín e outros centros máis da zona; o equipo de Orientación está composto pola Orientadora, a mestra de AL e a mestra de PT.

1.7.- O Persoal non docente

O persoal non docente do noso centro está formado por:

- ✓ Un conserxe con carácter definitivo que leva moitos anos no centro.

- ✓ Unha auxiliar administrativa con carácter indefinida que se incorporou á secretaría do centro en abril de 2016.
- ✓ 1 auxiliar de conversa con carácter anual.
- ✓ 1 coidadora suxeita á existencia de alumnado con N.E.E.
- ✓ 1 limpador con carácter definitivo.
- ✓ 2 limpadores/as con carácter provisional: un/unha no colexio de primaria e outro/a no colexio de infantil.
- ✓ 1 limpador/a con carácter provisional, compartido/a co pavillón municipal para a limpeza do comedor e o ximnasio.
- ✓ Monitores/as do Plan Madruga, do Comedor escolar e das actividades extraescolares, todas elas xestionadas pola ANPA

1.8.- As familias

Creemos que os pais/nais son os primeiros educadores dos nenos/as polo que a súa presenza e participación é imprescindible para levar a cabo o noso proxecto educativo. O interese das familias pola educación dos fillos/as, favorecendo o contacto e colaborando co profesorado, ten unha incidencia moi significativa nas aprendizaxes escolares do alumnado.

Dende a escola convócanse xuntanzas xerais coas familias cada trimestre, ademais das titorías individuais para falar de casos concretos convocadas tanto dende a titoría como por parte das familias e todas aquelas que sexan precisas para favorecer a aprendizaxe do alumnado. O horario de titoría semanal establecido polo centro é os martes de 16h a 17h previa petición de cita, telefónica, en persoa ou a través da axenda escolar. Dependendo das circunstancias familiares e posibilidades o mestre/a poderá acordar outra hora diferente ao longo da xornada escolar.

As familias do noso alumnado teñen a súa representación no centro a través dos membros do Consello Escolar e da ANPA "A Pedra".

1.9.- Colaboración con outras institucións

O centros facilita e promove a participación dos distintos sectores da comunidade educativa tanto a título individual como a través das súas asociacións e os seus representantes no consello escolar, na selección,

organización, desenvolvemento e avaliación das actividades complementarias e extraescolares.

Coa aprobación do consello escolar, establécense convenios de colaboración con asociacións culturais ou entidades sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de actividades extraescolares e complementarias. Estes convenios son autorizados polo delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, director xeral de Centros e Inspección Educativa ou conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, segundo teñan incidencia provincial, autonómica ou estatal. A comunicación escola-entorno é fundamental para desenvolver o currículo cun importante grado de contextualización na realidade próxima dos nenos e nenas, As institucións locais, culturais e deportivas do entorno contribúen con aportacións moi vinculadas á vida real do alumnado. Entre as distintas institucións coas que colabora o colexio están:

- O concello de Bueu (actividades deportivas e culturais)
- CIM do concello con propostas vinculadas a conseguir a igualdade de xénero, a erradicar a violencia, ...
- Servizos sociais e Centro de Saúde de Bueu.
- Os outros centros educativos, tanto de infantil e primaria como de secundaria do concello.
- Museo Massó con ofertas de asistencia a exposicións, obradoiros e visitas guiadas.
- Escolas deportivas da zona: clube de balonmán, Peixe galego de baloncesto...
- Clube Corredoiras con xogos tradicionais e populares.
- Asociación de Alfombras de Bueu con obradoiros de elaboración de alfombras florais.
- Grupos de música tradicional que nos acompañan cos seus instrumentos en diferentes actos e conmemoracións: Retrouso, grupo de gaitas Manxadaira...

1.10.- Servizos complementarios

No noso centro contamos cos seguintes servizos complementarios:

- ❖ **Transporte escolar:** O centro conta con servizo de transporte escolar, con tres liñas e tres itinerarios para o alumnado de primaria e cunha soa liña para o alumnado de infantil, que percorre os tres itinerarios de primaria. Cada liña de transporte conta con coidadora, rexéndose pola normativa actual.
- ❖ **Comedor escolar e Plan Madruga:** O centro conta con comedor escolar e plan Madruga, xestionados pola ANPA do centro. Os locais do comedor e do Plan Madruga atópanse no centro de primaria polo que o alumnado de infantil que fai uso destes servizos ten que ser transportado en autobús na compañía do persoal do Catering ou a pé co persoal coidador do Plan Madruga..
- ❖ **Coidadora** na actualidade o centro conta co servizo de coidadora xa que contamos con alumnado matriculado de necesidades específicas educativas.

2. SINAIS DE IDENTIDADE

A educación é un dereito fundamental do alumnado e nestas etapas debe facilitar as aprendizaxes da expresión e comprensión oral, a lectura, a escritura, o calculo, a adquisición de nocións básicas da cultura e o hábito de convivencia, así como os de estudo e traballo, o sentido artístico, a creatividade e a afectividade, co fin de garantir unha formación integral do alumno/a.

O CEIP Plurilingüe A Pedra é un centro que defende como sinais de identidade na escola:

- ✓ A pluralidade a través do respecto e o dereito á liberdade de pensamento, ideas e opinións dentro das normas establecidas. A acción educativa centrada na solidariedade, na cooperación, no diálogo e o afán de superación facilitando ao alumnado información obxectiva que lle permita formar os seus propios criterios e tomar decisións responsables.
- ✓ A integración fomentando a igualdade, a coeducación, a convivencia sen prexuízos entre sexos e a non discriminación por razón de nacemento, raza, xénero, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas e morais, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas.

- ✓ O centro como Comunidade Educativa non debe ser confesional e debe permitir unha educación baseada no respecto e na tolerancia das crenzas individuais dos seus membros.
- ✓ A interdisciplinabilidade promovendo a colaboración entre os distintos niveis e equipos do centro á hora de planificar actividades e participar no proxecto anual que é común a todo o centro.
- ✓ A multiculturalidade manifestando respecto e tendo en conta a todas as sensibilidades culturais, presentes ou non no noso centro.
- ✓ Apostamos por unha educación Non sexista que fomente a coeducación ou educación na igualdade de xéneros. Traballamos en colaboración co Concello e coa ANPA para a eliminación das discriminacións contra a muller e as diferencias de roles entre homes e mulleres.
- ✓ Queremos unha escola progresista e actual, asumindo programas e proxectos que incidan no desenvolvemento integral de todas as potencialidades do alumnado abrangendo aspectos afectivos, sociais e intelectuais.
- ✓ O compromiso coa convivencia rexeitando todo tipo de actitudes violentas e favorecendo o respecto e a integridade de todos os membros da Comunidade Escolar. O alumnado formase nos programas que temos en marcha no centro (Mediación e Programa TEI) encamiñados a mellorar a convivencia no centro. Tentamos que o noso alumnado sexa esixente consigo mesmo segundo as capacidades persoais e os esforzos individuais creando un ambiente que favoreza a formación dunha imaxe positiva de si mesmo fomentando desta maneira a autoestima.
- ✓ Unha escola aberta que permita incorporar a colaboración das familias e das institucións culturais e sociais existentes na localidade e no entorno.

3.- OBXECTIVOS DO CENTRO

No CEIP Plurilingüe A Pedra damos preferencia ao desenvolvemento harmónico do alumnado en todos os aspectos: físico, intelectual, afectivo, ético e social. Procuramos un ambiente de convivencia que favoreza a participación, o pluralismo, a tolerancia e o respecto

Na etapa de EDUCACIÓN INFANTIL, temos como finalidades o desenvolvemento afectivo para que os nenos/as elaboren unha imaxe de si mesmos positiva e equilibrada; o movemento e aos hábitos de control corporal; ás manifestacións da comunicación e da linguaxe; as pautas elementais de convivencia, as relacións sociais e o descubrimento das características físicas e sociais do medio. Transmitiranse valores que favorezan a liberdade persoal e a responsabilidade.

Obxectivos xerais de Educación Infantil:

1. Coñecer o seu propio corpo e o dos outros, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
2. Observar e explorar o seu medio familiar, natural e social.
3. Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
4. Desenvolver as súas capacidades afectivas.
5. Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.
6. Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
7. Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lecto-escritura como medio de comunicación, información e gozo.
8. Sentir o xesto, o movemento e o ritmo como recursos para a expresión e a comunicación.
9. Achegarse ao uso das tecnoloxías da información e da comunicación, na medida das súas posibilidades.

Na EDUCACIÓN PRIMARIA temos como finalidades facilitar as aprendizaxes da expresión e da comprensión oral, a lectura, a escritura, o cálculo, a adquisición de noções básicas da cultura, os hábitos de convivencia, de estudo e de traballo, o sentido artístico, a creatividade e a afectividade, coa fin de garantir a formación integral do noso alumnado.

Obxectivos xerais de Educación Primaria:

1. Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprendendo a ser bo cidadán e respectando os dereitos dos demais e o pluralismo da sociedade.
2. Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
3. Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía en todos os ámbitos da súa vida.
4. Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
5. Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas. Adquirir unha competencia comunicativa básica en lingua estranxeira que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
6. Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
7. Coñecer aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
8. Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
9. Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
10. Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

11. Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.

4.- PROGRAMAS E PLANS DO CENTRO

O CEIP Plurilingüe A Pedra participa con continuidade en varios Programas educativos:

- **Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares (PLAMBE)** do que formamos parte dende o ano 2007. A biblioteca do noso centro é o eixe vertebrador de toda a actividade escolar e o resto dos equipos xiran ao seu redor, complementando en perfecta coordinación a dinamización do centro. A finais de cada curso escolar o centro, co visto bo do Claustro e do Consello Escolar presenta á Consellería, a memoria de actividades propostas e realizadas pola biblioteca e solicita a continuidade neste plan. Esta continuidade implica unha dotación económica para investir nas actividades xeradas pola biblioteca escolar en mobiliario, equipamento e fondos documentais, xestionada pola responsable da mesma e consensuada polo equipo.

Por esta labor eficiente temos recibido varios premios:

- ✧ 2009 - Premio Nacional de Buenas Prácticas docentes para la dinamización e innovación de las Bibliotecas de los centros escolares.
- ✧ 2013/14 - Premio Nacional de Educación a Centros Docentes- Desarrollo de la Competencia de Lectoescritura y Audiovisuales, co proxecto “ Nos expresamos a través de diferentes lenguajes”.
- ✧ 2014 - Selo de Biblioteca Escolar Solidaria trátase dun distintivo de calidade en termos de traballo solidario e a favor da comunidade educativa, no ámbito da lectura e as compensacións das desigualdades en materia de acceso aos recursos culturais e de aprendizaxe. A nosa biblioteca recibiu como recoñecemento do esforzo da comunidade educativa, atenta ás necesidades de

todos os seus integrantes en materia de lectura e de acceso ao coñecemento.

- ✧ 2015/16 - III Concurso de Traballos por Proxectos, iniciativa integrada no PLAN LIA de bibliotecas escolares (lectura, información e aprendizaxe) na modalidade de Proxectos Documentais Integrados. O proxecto estivo coordinado pola biblioteca escolar e era de temática científica: “Un universo de libros”

Dende a biblioteca escolar, cada curso, propónse un tema para traballar que conforma o PDI que se traballa de maneira coordinada en todo o centro.

- **Programa Plurilingüe** que se iniciou no ano 2011 en 1º de primaria na materia de Educación Artística (música e plástica). Nos seguintes anos foise estendendo ata chegar no 2017 a sexto de primaria.

No 2017 iniciábase este programa no 2º ciclo de educación infantil (**Plurinfantil**). Na actualidade toda a escola forma parte da rede de centros plurilingües, xa que está implantado en todas as etapas educativas.

Como apoio nas aulas a este programa contamos dende o curso 2010/11 cunha auxiliar de conversa que imparte xunto co mestre/a ao que acompaña 12 horas semanais nos distintos grupos de primaria de maneira equitativa.

- **Programa EDIXGAL** ao que nos incorporamos no curso 2017/18 nos niveis de 5º e 6º de primaria. Dende 2012 vimos formando parte do Programa Abalar de innovación educativa en 5º e 6º que nos permitiu introducir as TIC na aula e traballar con netbooks individuais para cada alumno/a..
- **Contratos Programa**: iniciativa de innovación educativa desenvolvida desde a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para a mellora da calidade do ensino, na que vimos participando dende o curso 2013/14.

As modalidades nas que participamos son as seguintes:

- ✧ **Programa PROA** impartido por un mestre externo en 5º e 6º de primaria.

- ✧ **Programa de mellora das competencias clave** en comunicación lingüística, en matemáticas e en ciencia e tecnoloxía para 1º, 2º, 3º e 4º de Primaria.
- ✧ **Programa de mellora da convivencia** nos centros para todo o alumnado do centro.
- **Proxecto de Fomento e Uso da Lingua Galega** no que participamos activamente todos os cursos escolares e que supón unha achega económica destinada a financiar as actividades propostas polo equipo de dinamización lingüística de potenciación da lingua galega no centro escolar. A solicitude e presentación do proxecto ten carácter anual, así como a resolución e xustificación de gastos.
- **Plan Proxecta:**
 - ✓ **Meteoescolas** iniciativa da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas que busca fomentar a innovación educativa para mellorar as competencias do alumnado en temas medioambientais e das ciencias da Terra e promover a investigación na escola, mediante a observación directa do tempo no centro e a contorna, así como desenvolvendo diversas competencias de xeito interdisciplinar. Neste proxecto participa toda a escola dende 2015/16 e lévase a cabo ao longo de todo o curso con diferentes actividades que forman parte da programación de aula.
 - ✓ **Aliméntate ben:** iniciativa na que participan as Consellerías do Mar, Medio Rural, Sanidade e o Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia (CRAEGA) que trata de mellorar os hábitos alimenticios do alumnado. O noso centro participa este ano por primeira vez en dúas modalidades: Xermoliño e Froita na escola coas que desenvolveremos accións destinadas a mellorar os hábitos alimentarios.
- **Proxectos de Formación en Centros:**

Dende hai anos participamos en cursos de formación no centro coordinados dende o CFR de Pontevedra atendendo ás suxestións e necesidades do profesorado. Na actualidade contamos con tres liñas de traballo relacionadas cos proxectos que temos en marcha no centro:

- Atención á diversidade e cambios metodolóxicos asociados. Implantación da aprendizaxe cooperativa.
- Planificación estratéxica das linguas no centro. Proxecto Lingüístico de Centro (PLC) e Tratamento Integrado das Linguas (TIL). Edulingüe.
- Integración didáctica das TIC. Traballo colaborativo en rede a través de espazos virtuais. Educación dixital. E-Dixgal

5.- ESTRUCTURA ORGANIZATIVA

5.1.- ORGANOS DE GOBERNO

Os órganos de goberno do centro veñen determinados por lei (Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (DOG. 02-09-97)

5.1.1.-- Órganos Unipersonais. As mestras que desempeñan os cargos directivos réxense polo establecido no Decreto 374/1996, DOG 2 de setembro 1997:

- Directora: M^a Luisa Vidal Fraguas
- Xefa de estudos: M^a Ángeles Rodríguez Germade
- Secretaria: Marta Valbuena Aguado.

5.1.2.- Organos colexiados.

- **Claustro de mestres/as**: formado polos 30 profesores/as do centro. As súas competencias e funcións están regulamentadas no Decreto 374/1996, DOG do 21 de outubro de 1996.

As reunións preceptivas serán as de comezo e final de curso e unha por trimestre, podendo ser convocado a instancias da dirección ou dun tercio mínimo dos seus membros. As reunións de Claustro fanse os martes pola tarde fóra do horario lectivo. A asistencia ás reunións son obrigatorias para todo o profesorado membro, sendo necesario xustificar a ausencia de ser o caso.

- **Consello Escolar**: as normas xerais de funcionamento veñen establecidas pola Lei 30/1992, de 26 de Novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (BOE

27/11/1992).O Capítulo II do Título II (Órganos das Administracións Públicas/Órganos Colexiados)

Nos centros de educación infantil e primaria de oito ou máis unidades, como é o noso caso, está composto polos seguintes membros:

- a) A directora, que será a presidenta.
- b) A xefa de estudos.
- c) Un concelleiro ou representante do concello do municipio no que estea situado o centro.
- d) Un representante do persoal de administración
- e) Cinco mestres elixidos polo claustro.
- f) Cinco representantes dos pais de alumnos: 4 pais/nais e 1 membro da ANPA.
- g) A secretaria do centro, que actuará como secretaria do consello, con voz, pero sen voto.

O Consello Escolar reúnese en sesión extraordinaria ao inicio e remate de curso, cando menos unha sesión ordinaria por trimestre e sempre que o convoque a súa presidenta ou 1/3 dos seus membros e cantas outras sexan necesarias para aprobar e tomar as decisións que a normativa lle asigna e outras importantes para o centro.

Os prazos de convocatoria son dunha semana no caso dunha sesión ordinaria, para asuntos importantes pódese convocar con 48 horas de antelación e con carácter de urxencia sen suxeición a prazo previo

Entre as competencias do Consello Escolar están:

- a) Avaliar os proxectos e as normas a que se refire o capítulo II do título V da LOMCE..
- b) Avaliar a programación xeral anual do centro, sen prexuízo das competencias do claustro do profesorado, en relación coa planificación e organización docente.
- c) Coñecer as candidaturas á dirección e os proxectos de dirección presentados polos candidatos.
- d) Participar na selección do director do centro, nos termos que a presente lei orgánica establece. Ser informado do nomeamento e cesamento dos demais membros do equipo directivo.

- e) Informar sobre a admisión de alumnos e alumnas, con suxeición ao establecido nesta lei orgánica e disposicións que a desenvolvan.
- f) Coñecer a resolución de conflitos disciplinarios e velar por que se atean á normativa vixente. Cando as medidas disciplinarias adoptadas polo director correspondan a condutas do alumnado que prexudiquen gravemente a convivencia do centro, o consello escolar, por instancia dos pais, nais ou titores legais, poderá revisar a decisión adoptada e propor, se for o caso, as medidas oportunas.
- g) Propor medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro, a igualdade entre homes e mulleres, a igualdade de trato e a non discriminación polas causas a que se refire o artigo 84.3 da presente lei orgánica, a resolución pacífica de conflitos, e a prevención da violencia de xénero.
- h) Promover a conservación e renovación das instalacións e do equipo escolar e emitir informe sobre a obtención de recursos complementarios, de acordo co establecido no artigo 122.3.
- i) Emitir informe sobre as directrices para a colaboración, con fins educativos e culturais, coas administracións locais, con outros centros, entidades e organismos.
- j) Analizar e valorar o funcionamento xeral do centro, a evolución do rendemento escolar e os resultados das avaliacións internas e externas en que participe o centro.
- k) Elaborar propostas e informes, por iniciativa propia ou por petición da Administración competente, sobre o funcionamento do centro e a mellora da calidade da xestión, así como sobre aqueloutros aspectos relacionados coa súa calidade.

5.2.- Outros órganos de coordinación docente

5.2.1.- A Comisión de Convivencia regulada na LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa; no DECRETO 229/2011, do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade; e no DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

Esta comisión ten carácter consultivo e desempeña as súas función por delegación do Consello Escolar para facilitar o cumprimento das competencias en materia de convivencia escolar.

Os seus membros son elixidos polo Consello Escolar e nomeados pola persoa responsable da dirección do centro.

Unha das persoas integrantes actúa como secretaria e debe redactar as actas.

A comisión de convivencia está composta por:

- A directora, que será a presidenta.
- A xefa de estudos.
- A orientadora do centro.
- Un representante do persoal de servizos e administración
- Dous mestres elixidos polo claustro.
- Dous representantes dos pais/nais de alumnos

Son funcións da Comisión de Convivencia:

- ✓ Elaborar o Plan de Convivencia do centro e realizar o seguimento, avaliación e revisión do mesmo.
- ✓ Elevar ao Consello Escolar e recoller na Memoria anual da Comisión de Convivencia as iniciativas para previr e resolver conflitos de convivencia, mellorar a convivencia e fomentar o respecto mutuo e a tolerancia no centro educativo.
- ✓ Adoptar medidas preventivas para garantir os dereitos de todos os membros da Comunidade Educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- ✓ Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, fomento de actitudes para garantir a igualdade entre homes e mulleres, a igualdade de trato de todos os membros da Comunidade educativa e a resolución pacífica dos conflitos.
- ✓ Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos que foran impostas.
- ✓ Elaborar unha memoria anual sobre o análise da convivencia e conflictividade no centro, nas que se reflectan as iniciativas sobre a materia e que será trasladado ao Consello Escolar.
- ✓ Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo Consello Escolar do centro ou o órgano administrativo competente.

O calendario de reunións establece tres xuntanzas anuais, unha por trimestre e de maneira extraordinaria, cantas veces sexa convocada pola presidenta ou a proposta dunha terceira parte dos seus membros.

5.2.2.- Comisión de coordinación pedagóxica:

Está integrada por:

- ✓ A directora que actúa como presidenta da mesma.
- ✓ A xefa de estudos.
- ✓ A coordinadora de ciclo de educación infantil.
- ✓ Os responsables de nivel de primaria.
- ✓ O profesorado de atención ao alumnado con NEE (PT e AL)
- ✓ A persoa que ostente a xefatura do departamento de orientación.
- ✓ A coordinadora do equipo de dinamización lingüística.
- ✓ A responsable da biblioteca escolar.

Esta comisión ten como secretario/a a un dos seus membros nomeado/a pola presidenta.

As competencias deste comisión son as especificadas no artigo 62 do decreto 374/1996 (DOG 21/10/1996 e DOG 27/04/1998).

- Elevar propostas ao claustro co fin de establecer os criterios para a elaboración dos Proxectos Curriculares.
- Velar para que a elaboración dos proxectos curriculares de etapa e o plan de acción tutorial se realice conforme os criterios establecidos polo claustro.
- Asegurar a coherencia entre o proxecto educativo do centro, os proxectos curriculares de etapa e a programación xeral anual.
- Establecer as directrices xerais para a elaboración dos documentos incluídos no proxecto educativo:
 - ✓ Programacións didácticas dos equipos.
 - ✓ Plan de acción tutorial.
 - ✓ Adaptacións curriculares.
- Propoñer ó claustro de profesores os proxectos curriculares para a súa aprobación.
- Velar polo cumprimento e posterior avaliación dos proxectos curriculares de etapa.

- Canalizar as necesidades de formación continuada do profesorado cara ó centro de formación (CEFORE).
- Realizar, de ser o caso, a proposta ó xefe de estudos co fin de que se designe o responsable do equipo de actividades complementarias e extraescolares.
- Propoñer os profesores que han de formar parte do equipo de normalización lingüística.

Reuniranse coa periodicidade necesaria, realizando unha sesión extraordinaria ao comezo de curso e outra ao finalizar este.

5.2.3.- Departamento de Orientación

Regulado na orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998. (DOG 31 de xullo de 1998)

Está formado por:

- ✓ A xefa do Departamento de orientación.
- ✓ A especialista en Pedagogía Terapéutica (PT).
- ✓ As especialistas en Audición e Linguaxe (AL)
- ✓ A coordinadora de ciclo de educación infantil e os representantes dos equipos de nivel de primaria.

Son competencia do departamento de orientación as funcións seguintes:

- Valorar as necesidades educativas, no ámbito da orientación, dos alumnos e alumnas do seu contorno e deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención do seu ámbito de actuación.
- Elaborar, de acordo coas directrices establecidas pola comisión de coordinación pedagóxica, as propostas do plan de orientación académica e profesional, e do plan de acción tutorial, incidindo no desenvolvemento persoal, social e cognitivo do alumnado e ofrecerlle ó profesorado soporte técnico para o desenvolvemento destes plans.

- Participar na elaboración, seguimento e avaliación dos proxectos educativo e curricular do centro, incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagógico para a atención ó alumnado con necesidades educativas especiais e nos principios de avaliación formativa e, cando cumpra, na adecuación dos criterios de promoción.
- Diseñar accións encamiñadas á atención temperá do alumnado, á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe derivados tanto de condicións desfavorables como de altas capacidades que presenten os alumnos e alumnas.
- Participar na avaliación psicopedagóxica conforme á normativa ó respecto e participar no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.
- Facilitarlle ó alumnado o apoio e o asesoramento necesarios para adquirir habilidades básicas de vida e afrontar os momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade, como o ingreso no centro, o cambio de ciclo ou etapa.
- Cooperar cos membros dos equipos de orientación específicos no deseño, desenvolvemento e avaliación de programas de orientación.
- Impulsar a participación do profesorado en programas de investigación e innovación educativa nos ámbitos relativos a hábitos de traballo intelectual, programas de ensinar a pensar, habilidades sociais, técnicas de dinámica de grupos ou en calquera outro relacionado co seu ámbito de actuación.
- Promover a cooperación entre o centro e as familias, implicándoos no proceso educativo dos seus fillos, especialmente no relativo á motivación : estimulación da motivación e intereses, adquisición de hábitos de hixiene e de autonomía; desenvolvemento motriz e da linguaxe; relacións interpersoais e aqueloutros aspectos que favorezan o desenvolvemento evolutivo do alumnado.
- Establecer canles de comunicación cas diferentes servizos ou institucións no ámbito das súas competencias.

As reunións do departamento de orientación son semanais, dentro do horario lectivo, no día e hora indicado no horario pola xefa de estudos a principio de

curso. Ademais cada trimestre celebrense unha reunión de todos os integrantes para o seguimento do Plan de Orientación. As decisións no departamento tómanse por maioría simple.

A xefa do departamento asiste, dentro do horario lectivo, ás reunións convocadas polo departamento de orientación do centro adscrito IES Johan Carballeira en representación da nosa escola.

5.2.4.- Equipo de ciclo en Educación infantil

O equipo do 2º ciclo de Educación Infantil agrupa a todos os mestres/as que imparten docencia nel, é o encargado de organizar e desenvolver, baixo a supervisión da xefa de estudos, as ensinanzas propias do ciclo.

Son competencia do equipo de ciclo:

- ✓ Formular propostas ó equipo directivo e ó claustro relativas á elaboración do proxecto educativo e programación xeral anual.
- ✓ Formular propostas á comisión de coordinación pedagóxica relativas á elaboración dos proxectos curriculares de etapa ou a modificación deles.
- ✓ Manter actualizada a metodoloxía didáctica.
- ✓ Elabora a programación didáctica seguindo as directrices xerais establecidas.

5.2.5.- Equipos de nivel

Está formado polos titores/as e os especialistas que imparten nun mesmo nivel na etapa de primaria. Hai un representante de cada dous niveles que actuará de portavoz e coordinador do equipo, así temos unha mestra representante de 1º e 2º, outra de 3º e 4º e unha última de 5º e 6º.

Entre as funcións do equipo están:

- ✓ Formular propostas ao equipo directivo e ao claustro relativas á elaboración do proxecto educativo e programación xeral anual.
- ✓ Formular propostas á comisión de coordinación pedagóxica relativas á elaboración dos proxectos curriculares de etapa ou a modificación deles.
- ✓ Manter actualizada a metodoloxía didáctica.

- ✓ Elaborar a programación didáctica seguindo as directrices xerais establecidas.
- ✓ Diseñar actividades complementarias e extraescolares que se desenvolverán de maneira coordinada, procurando atopar fórmulas axeitadas que permitan levalas a cabo.

5.2.6.- Equipo de Dinamización Lingüística (EDLG)

Este equipo réxese polo Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (Decreto 374/1996, do 17 de outubro. DOG 21-10-96.

Está formado por un ou dous mestres/as representantes de cada nivel educativo dende infantil a primaria nomeados a proposta do Claustro. O coordinador é un dos membros con destino definitivo no centro, preferentemente, proposto polos compoñentes do equipo durante un período de 2 anos, renovables.

Pódense incorporar outros membros da Comunidade Escolar para temas puntuais.

O equipo de normalización lingüística réunese cunha periodicidade mensual e realiza unha sesión extraordinaria ó comezo do curso e outra ó finalizar este, así como cantas outras se consideren necesarias. As actividades que se realizan polo equipo de normalización lingüística inclúense na programación xeral anual.

É competencia do equipo de normalización lingüística:

1. Presentar, a través do claustro, propostas ó equipo directivo para a fixación dos obxectivos de normalización lingüística que se incluírán no proxecto educativo de centro.
2. Propoñer á comisión de coordinación pedagóxica, para a súa inclusión no proxecto curricular, o plan xeral para o uso do idioma, no cal se deberá especificar, cando menos:
 - ✓ Medidas para potencia-lo uso da lingua galega nas actividades do centro.
 - ✓ Proxectos tendentes a lograr unha valoración positiva do uso da lingua propia e a mellorar a competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.

3. Propoñerlle á comisión de coordinación pedagóxica, para a súa inclusión no proxecto curricular, o plan específico para potenciar a presenza da realidade galega, cultura, historia, xeografía, economía, etnografía, lingua, literatura, arte, folclore, etc no ensino.
4. Elaborar e dinamizar un plan anual de actividades tendentes á consecución dos obxectivos incluídos nos plans anteriores.
5. Presentar para a súa aprobación no consello escolar o orzamento de investimento dos recursos económicos dispoñibles para estes fins.

5.2.7.- Equipo de Biblioteca Escolar

No decreto 105/2014 do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia aparece a necesidade de que os centros docentes contén cunha biblioteca escolar e de incluír dentro do proxecto educativo do centro o programa de promoción da lectura (Proxecto Lector de centro) no que se integren as actuacións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, tratamento e produción da información en apoio a adquisición das competencias clave.

O Plan LÍA 2016/2020 de Bibliotecas Escolares establece a folia de ruta da que se dotou a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para continuar o traballo a prol das bibliotecas escolares e o fomento da lectura nos centros escolares.

Cada setembro os centros escolares recibimos unhas instrucións da dirección xeral de centros e recursos humanos en relación coa organización e o funcionamento das bibliotecas escolares.

A dirección do centro designa unha persoa como responsable da biblioteca escolar por un período mínimo de dous anos, dando prioridade á súa formación específica, a experiencia, o interese e a dispoñibilidade horaria, e que actúa baixo a coordinación da xefatura de estudos. Esa persoa responsable integrase na Comisión de Coordinación Pedagóxica do centro.

Crease, así mesmo, un equipo de apoio á biblioteca, formado por profesorado do centro do 2º ciclo de infantil e dos distintos niveis de primaria, para garantir o seu carácter interdisciplinario.

Para a creación deste equipo tense en conta as seguintes cuestións:

- ✓ A estabilidade e adecuación do equipo de apoio e da persoa responsable da biblioteca escolar que o coordina.
- ✓ Da selección axeitada da persoa responsable da biblioteca e da continuidade do profesorado no equipo de apoio, dependen en boa medida os resultados do investimento realizado, tanto en recursos materiais como en formación do profesorado.
- ✓ A designación como responsable de biblioteca recaerá preferentemente en profesorado definitivo no centro. para dar continuidade á dinámica da biblioteca

É moi importante a coordinación entre o equipo de biblioteca e, principalmente, o ENDL e o profesorado responsable das TIC, o Departamento de Orientación, Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares, ou o programa Abalar, na programación das súas actividades.

O calendario de reunións está establecido pola responsable de biblioteca con carácter mensual para facer propostas e organizar o traballo dos distintos membros do equipo. Ademais realízanse as xuntanzas necesarias para o bo funcionamento da biblioteca escolar os martes en horario de tarde.

Tamén contamos coa colaboración de alumnado voluntario, entre os rapaces/as de 6º de primaria que realizan labores de xestión e dinamización durante os recreos.

Está establecida unha partida específica para o mantemento da biblioteca escolar, dentro dos orzamentos xerais do centro

O equipo de apoio á biblioteca, xunto coa persoa designada como responsable da biblioteca escolar, e en colaboración coa xefatura de estudos será o encargado de elaborar os plans de traballo anuais que favorezan a participación nas actividades e o uso por parte de alumnado e profesorado das distintas fontes informativas e da variedade de servizos da biblioteca escolar, en beneficio de todas as áreas e materias.

Desde a biblioteca escolar coordínanse as actuacións para o desenvolvemento do Proxecto Lector de Centro e contéplanse experiencias como “hora de ler”, actividades de lectura compartida, contacontos, animacións, ...

A inclusión do centro no PLAMBE (Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares) dende o ano 2009, todo o traballo realizado dende a biblioteca e os premios

acadados ata o de agora fan da nosa escola un referente en canto a dinamización e fomento da lectura.

5.2.8.- Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares

Este equipo encargase de promover as actividades:

- complementarias que se realizan co alumnado en horario lectivo e forman parte da programación pero teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan: visitas, traballos de campo, viaxes de estudio, conmemoracións e outras semellantes.
- extraescolares organizadas polo centro e figurando na programación xeral anual realízanse fóra de horario lectivo. A participación nelas é voluntaria

O equipo de actividades extraescolares está coordinado por un membro do profesorado con destino definitivo no centro designado pola xefa de estudos cumprindo as funcións que se lle asignan no capítulo IV do decreto 374/1996. Este equipo está integrado ademais polos profesores que participan en cada actividade concreta.

Reúnese cunha periodicidade trimestral e realiza unha sesión extraordinaria ó comezo do curso e outra ó finalizar este, así como cantas outras se consideren necesarias. As actividades que se realizan inclúense na programación xeral anual.

O xefe do equipo de actividades complementarias e extraescolares ten as seguintes funcións:

- ✓ Elaborar o programa anual destas actividades para o que se terán en conta as propostas dos equipos de nivel, dos profesores e dos pais e as orientacións do claustro e comisión de coordinación pedagóxica.
- ✓ Programar cada unha das actividades especificando obxectivos, responsables, momento e lugar de realización, repercusións económicas e forma de participación do alumnado.
- ✓ Proporcionarlles ós alumnos e ós pais a información relativa ás actividades do equipo.
- ✓ Promover e coordinar as actividades culturais e deportivas en colaboración co claustro, a comisión de coordinación pedagóxica, os equipos de ciclo e a asociación de pais.

- ✓ Coordinar a organización dos intercambios escolares e calquera tipo de viaxes que se realicen cos alumnos/as.
- ✓ Distribuír os recursos económicos destinados para o efecto, procedentes de achegas de institucións, asociacións ou do propio centro, logo de aprobación polo consello escolar.
- ✓ Organizar a utilización da biblioteca do centro.
- ✓ Elaborar unha memoria final de curso coa avaliación das actividades realizadas que se incluírá na memoria de centro.
- ✓ Presentar propostas ó equipo directivo para a realización e intercambio de actividades cos centros do seu contorno.

Para o desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares que se realicen fóra da localidade onde está situado o centro, deberase contar cos seguintes requisitos:

- a) Aprobación do consello escolar.
- b) Autorización escrita dos pais ou titor legal.
- c) Os alumnos e alumnas serán acompañados polo profesorado correspondente na proporción dun profesor ou profesora por cada unidade. Profesorado acompañante: 1/unidade; 1/20 alumnos/as

Cando, excepcionalmente, se organicen actividades complementarias ou extraescolares non previstas na programación xeral anual, será necesario:

- informe favorable do equipo destas actividades,
- a súa aprobación polo equipo directivo
- dar conta ó Consello Escolar na reunión seguinte que se celebre.

Cando estas actividades impliquen modificacións do período lectivo do calendario escolar requirirán, ademais, a autorización do delegado.

5.2.9.- Equipo Plurilingüe

ORDE do 12 de maio de 2011 pola que se regulan os centros plurilingües na Comunidade Autónoma de Galicia e se establece o procedemento de incorporación de novos centros á Rede de Centros Plurilingües de Galicia.

Este equipo foi creado coa fin de coordinar e promover as actividades que se desenvolven por formar parte a nosa escola da rede de centros plurilingües de Galicia.

Está formado por:

- ✓ A coordinadora nomeada pola dirección entre o profesorado de lingua estranxeira con destino definitivo no centro, por un período dun curso académico. Como requisito deberá impartir a lingua obxecto de estudo no programa, nalgún dos grupos de alumnado participante nel.
- ✓ As mestras habilitadas que imparten as materias de educación plástica e musical nos distintos niveis e grupos.

Son funcións da persoa coordinadora:

- a) Realizar o seguimento semanal e a coordinación do equipo de docentes que formen parte do programa plurilingüe e levantar acta dos temas tratados e dos acordos adoptados. A xefatura de estudos considerará este aspecto na elaboración do horario do profesorado implicado.
- b) Coordinarse coa persoa responsable do equipo de dinamización lingüística do centro.
- c) Elaborar, coa colaboración do profesorado implicado no programa, a programación dos contidos e as actividades de apoio ás ensinanzas das materias non lingüísticas que se impartan nesa lingua, así como a memoria de fin de curso.
- d) Identificar as necesidades de formación permanente e trasladárllelas ás estruturas de formación, a través da dirección do centro.
- e) Dirixir e orientar o labor da persoas nativas de apoio ao programa.
- f) Promover a colaboración entre os centros que formen parte da Rede de Centros Plurilingües e con todas aquelas persoas ou organismos que puidesen ofrecer colaboración

5.2.10.- As titorías

A titoría e orientación dos alumnos no proceso educativo tanto individual como colectivo forma parte da función docente.

Dende comezo de curso cada grupo de alumnos/as ten un mestre titor designado pola directora a proposta da xefa de estudos.

A xefa de estudos coordina o traballo dos titores/as e mantén as reunións periódicas necesarias para o bo funcionamento da acción titorial.

As tarefas docente específicas de titoría veñen relacionadas no Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (Decreto 374/1996, do 17 de outubro. DOG 21-10-96)

- ✓ Participar no desenvolvemento do plan de acción tutorial e nas actividades de orientación, baixo a coordinación da xefa de estudos.
- ✓ Proporcionar no principio de curso, ós alumnos e ós pais, información documental ou, no seu defecto, indicar onde poden consultar todo o referente ao calendario escolar, horarios, horas de tutoría, actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares e criterios de avaliación do grupo.
- ✓ Coñecer as características persoais de cada alumno a través da análise do seu expediente persoal e doutros instrumentos válidos para conseguir ese coñecemento.
- ✓ Coñecer aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico de cada alumno tendo en conta o deber de confidencialidade relacionado coa protección de datos.
- ✓ Efectuar un seguimento global do proceso de ensino-aprendizaxe dos alumnos/as para detectar dificultades e necesidades especiais, co obxecto de buscar respostas educativas adecuadas e solicitar oportunos asesoramentos e apoios.
- ✓ Coordinar as adaptacións curriculares necesarias para alumnos do seu grupo.
- ✓ Facilitar a integración do alumnado no grupo e fomentar a súa participación nas actividades do centro.
- ✓ Orientar aos alumnos/as dunha maneira directa e inmediata no seu proceso formativo.
- ✓ Informar ao equipo de profesores do grupo das características, especialmente naqueles casos que presenten problemas específicos.
- ✓ Coordinar o axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación programados para o mesmo grupo de alumnos.
- ✓ Organizar e presidir as reunións de avaliación trimestrais.
- ✓ Coordinar o proceso de avaliación dos alumnos do seu grupo e adoptar a decisión que proceda referente á promoción dos alumnos/as dun ciclo a outro, logo de audiencia dos seus pais ou tutores legais.
- ✓ Atender, xunto co resto do profesorado, ao alumnado mentres permaneza no centro nos períodos de lecer.

- ✓ Colaborar co equipo de orientación educativa nos termos que estableza o mesmo e a xefatura de estudos.
- ✓ Colaborar cos demais titores no marco dos proxectos educativo e curricular do centro.
- ✓ Orientar as demandas e inquedanzas dos alumnos/as e mediar ante o resto de profesores, alumnado e equipo directivo nos problemas que se presenten.
- ✓ Informar aos alumnos/as do grupo, os pais e os profesores de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades docentes e o rendemento académico, con especial atención ós aspectos e medidas tendentes a facilitar a competencia lingüística dos alumnos e alumnas nas dúas linguas oficiais.
- ✓ Facilitar a cooperación educativa entre os profesores e os pais dos alumnos.
- ✓ Exercer, de acordo co proxecto curricular, a coordinación entre os demais profesores do grupo.
- ✓ Cubrir os documentos oficiais relativos ó seu grupo de alumnos/as.
- ✓ Controlar a falta de asistencia ou puntualidade do alumnado, e ter informados ós pais ou titores e o xefe de estudos.
- ✓ Fomentar a colaboración das familias nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos.

5.2.11.- O profesorado especialista

Os mestres/as especialistas están en coordinación cos titores/as do centro e teñen as seguintes funcións:

- ✓ Comunicar ao titor/a as incidencias relevantes da aula e a necesidade, se cómpre, de convocar ás familias do alumnado, coa finalidade de que a titora ou titor poidan coordinar as reunións co profesorado do seu grupo coas familias do alumnado.
- ✓ Colaborar cos titores/as a coordinación da avaliación do alumnado e participar nas sesións de avaliación trimestrais.
- ✓ Colaborar coas titorías nas actividades de lecer, complementarias e extraescolares participando no deseño, organización, vixilancia, control e avaliación da actividade.

- ✓ Asistir ás xuntanzas do equipos de ciclo ou nivel dos que forman parte.

5.2.12.- Apoios especializados (PT e AL)

Na orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998. (DOG 31 de xullo de 1998) regúlense as funcións do profesorado de apoio ao alumnado con NEE.

Ademais da atención docente directa que lles corresponda prestar ós alumnos en función das súas necesidades, o profesor ou profesora que se atope no centro como apoio á atención ós alumnos con necesidades educativas especiais desenvolverá as seguintes funcións:

- ✓ Coordinar, en colaboración co xefe de estudos, as cuestións relacionadas coa educación e a estancia no centro dos alumnos con algún tipo de minusvalía física, psíquica ou sensorial.
- ✓ Colaborar coa comisión de coordinación pedagóxica na elaboración do plan de actuación respecto ó alumnado con necesidades educativas especiais.
- ✓ Orientar ao profesorado que imparta docencia ós alumnos con necesidades educativas especiais, así como a eles mesmos e ós pais sobre cuestións de interese para o seu desenvolvemento.
- ✓ Colaborar co profesor titor e co resto do profesorado na elaboración das adaptacións curriculares e no seguimento e avaliación das mesmas.
- ✓ Aqueloutras funcións que se lle puidesen asignar no ámbito de apoio ó alumnado con necesidades educativas especiais

Recibe apoio especializado o alumnado que segundo observación do profesorado titor, presente retraso ou dificultade a aprendizaxe e que unha vez avaliado pola orientadora conte co preceptivo informe que así o aconselle.

É necesaria a autorización do pai, nai ou titor/a legal do alumno/a.

Os apoios ao alumnado con NEE faranse seguindo uns criterios de prioridade:

1. Alumnado con necesidades educativas especiais permanentes (con discapacidade intelectual, con déficit sensorial, con trastornos motóricos, con trastornos da personalidade...)

2. Alumnado con necesidades educativas especiais transitorias (por vir doutro sistema educativo, pertencer a un grupo desfavorecido, ter estado enfermo un período largo,...)
3. Alumnado con retraso de aprendizaxe, sempre que a atención ao grupo anterior o permita, coa seguinte orde:
 - Desaxuste dun ciclo ou máis con respecto á clase de referencia.
 - Priorización dos niveis máis baixos,
 - Pertenza a un grupo-clase de especial dificultade.

A organización dos apoios é aberta, flexible e suxeita a modificación ao longo do curso, que permita incorporar novo alumnado, modificar a atención indicada, O número de sesións de apoio e duración das mesmas está determinado polo departamento de orientación, unha vez establecida a necesidade. No establecementos dos horarios tense en conta, na medida do posible, a asistencia do alumnado ás áreas das especialidades e a coincidencia da área reeducada co horario de aula.

Cando se requira a intervención de varias persoas especialistas na reeducación, na medida do posible, tentarase que asuma esa reeducación unha soa especialista. De non ser factible, a imprescindible coordinación coa titoría require o establecemento de horarios de coordinación que permita unha intervención o máis integrada posible.

O alumnado con necesidades educativas especiais recibe a axuda do profesorado especialista de apoio na propia aula e de maneira excepcional realízanse intervencións diferenciadas e temporalizadas fóra da aula atendendo a:

- ✓ Que a reeducación precise de actividades ou recurso que funcionen como distractores de aula.
- ✓ Que a clase supoña un distractor tan forte na reeducación que a faga imposible.
- ✓ Que o currículo de referencia do alumando que requira de reeducación sexa distante nun ciclo ou máis do de aula.
- ✓ Que a reeducación que se requira sexa tan específica que o grupo-clase non saque rendemento dela.

Nestes casos sempre se primara a integración do alumnado e as características socioafectivas.

O criterio prioritario sempre é o beneficio do alumnado segundo estudio pertinente realizado polo departamento de orientación.

No caso de alumnado que non poida recibir apoio especializado:

- ✓ Pode recibilo por parte do profesorado correspondente á área que precise reeducación ou reforzo, coa axuda técnica do profesorado de PT e AL.
- ✓ Existe a posibilidade de crear medidas organizativas diferenciadas como, agrupamentos flexibles ou desdobres, medidas que son consensuadas polo profesorado implicado.

Unha vez determinados os apoios, a súa organización e temporalización, elevarase a proposta á xefatura de estudos.

Ademais destes apoios o resto do profesorado presta atención ao alumnado con problemas concretos e puntuais nas áreas instrumentais dentro da aula, Esta acción está enmarcada dentro dos Contratos-Programa.